



Concello de **OURENSE**

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 25 de setembro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 07 de setembro, elaborado pola titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto nº 2017002712 de 18/04/2017), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concelleira Delegada de Cultura, mediante providencia de data 06 de setembro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 27-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N200.3340.22632	Campañas de normalización lingüística	4.622,00 €
TOTAL.....		4.622,00 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45088	Subv. Xunta Promoción uso lingua galega	4.622,00 €
TOTAL.....		4.622,00 €

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17.2.20.01

Título: Campañas de Normalización Lingüística

Importe: 4.622,00 €

Período de execución: 01.01.2017 / 15.10.2017

Aplicación orzamentaria de gasto:

N200.3340.22632 Campañas de normalización lingüística 4.622,00 €

Financiación:

Subv. Xunta (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) (concepto de ingresos 45088)

Axente: Xunta de Galicia (S1511001H): 4.622,00 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.